DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 114 | Venres, 15 de xuño de 2012 | Páx. 23510

## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*ORDE do 12 de xuño de 2012 pola que se actualiza a oferta de ciclos formativos polo réxime ordinario, por curso completo e en modalidade presencial, en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano académico 2012-2013.*

A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aprobou o Estatuto de Autonomía de Galicia, e o Real decreto 1763/1982, do 24 de xullo, sobre o traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación, recoñécenlle á nosa Comunidade Autónoma as competencias en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en todos os niveis e graos, modalidades e especialidades, consonte os preceptos emanados da Constitución e das leis que lle sexan de aplicación, competencias que foron asumidas polo Decreto 114/1982, do 1 de setembro, e asignadas á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no seu artigo 2.

No marco destas competencias, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, ten o propósito de actualizar a cualificación dos cidadáns e das cidadás e persegue como un dos obxectivos básicos para a formación profesional dar unha resposta puntual e adecuada ás necesidades de formación profesional provenientes do mundo produtivo.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 39.2 que a formación profesional, no sistema educativo, ten por finalidade preparar os alumnos e as alumnas para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación ás modificacións laborais que se poden producir ao longo da súa vida.

Así mesmo, no seu artigo 41 establécese que o alumnado que supere os módulos obrigatorios dun programa de cualificación profesional inicial terá acceso aos ciclos formativos de grao medio se o deseño dos módulos obrigatorios garante a formación necesaria para o devandito acceso.

A Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, ten por obxecto a ordenación dun sistema integral de formación profesional, cualificación e acreditación que responda con eficacia e transparencia ás demandas sociais e económicas a través das diversas modalidades formativas. A Lei establece como un dos fins do

CVE-DOG: uu12erl5-fo75-t5q1-o8c4-vfd2kmgkru87

Sistema nacional das cualificacións e da formación profesional de promover unha oferta formativa de calidade, actualizada e adecuada aos seus destinatarios, consonte as necesidades de cualificación do mercado laboral e as expectativas persoais de promoción profesional.

O Real decreto lei 14/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo, determina no artigo 5 que todas as disposicións recollidas no Real decreto 1147/2011, do 29 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo, con excepción da disposición adicional sétima, serán de aplicación no curso 2014-2015. Así mesmo, establece que os ciclos formativos de grao medio e grao superior cuxa implantación estea prevista para o curso escolar 2012-2013 implantaranse no curso escolar 2014-2015. Ademais, determina que as administracións educativas poderán anticipar a implantación das medidas que consideren necesarias nos cursos anteriores.

O Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, establece no capítulo V as vías para obtención dos títulos de formación profesional e os réximes e modalidades das ofertas de formación profesional.

Neste contexto, a necesidade de manter en todo momento actualizada a oferta educativa dos centros xustifica a súa revisión periódica, de xeito que o alumnado que remate o ensino secundario obrigatorio ou o bacharelato, así como as persoas adultas, posúan unha oferta de ciclos formativos de graos medio e superior diversificada e adaptada ás súas necesidades e ás demandas do mercado laboral.

De acordo coas competencias que ten conferidas, esta consellería

DISPÓN:

Artigo 1

Actualízase a oferta educativa dos ciclos formativos de formación profesional polo réxime ordinario, por curso completo en modalidade presencial, a partir do curso 2012-2013, en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo se relaciona no anexo desta orde. O Fondo Social Europeo cofinancia nun 80% os gastos de funcionamento e de profesorado naqueles ciclos formativos relacionados coa sociedade da información e da comunicación.

CVE-DOG: uu12erl5-fo75-t5q1-o8c4-vfd2kmgkru87

Artigo 2

Requírese un número mínimo de doce solicitudes de matrícula admitidas de primeira opción por cada centro educativo nas cidades da Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo, e de oito solicitudes en cada centro do resto de Galicia, para cada un dos ciclos formativos de grao medio ou superior, no prazo ordinario de presentación de solicitudes a que se refire o artigo 11.1 da Orde do 5 de xuño de 2007 pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de graos medio e superior en réxime ordinario e para as persoas adultas. Un número menor de solicitudes require a autorización expresa da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para pór en funcionamento esta ensinanza e, mentres que non se dispoña desta autorización, non se poderá formalizar ningunha matrícula. A condición do número mínimo de alumnado débeselles comunicar ás persoas interesadas no momento da súa preinscrición.

Artigo 3

Naqueles centros en que estean autorizados dous grupos do mesmo ciclo deberán cubrir o total de prazas do primeiro grupo antes de pór en funcionamento o segundo grupo. Neste caso terase en conta o número mínimo de doce ou oito solicitudes segundo se indica no artigo anterior.

Disposicións adicional única

Modificación da Orde do 5 de xuño de 2007 pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de graos medio e superior en réxime ordinario e para as persoas adultas.

Modifícase o punto 1 do artigo 3, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. A distribución dos postos escolares dispoñibles nos centros docentes públicos e nos privados concertados aterase aos seguintes criterios:

– Acceso aos ciclos formativos de grao medio:

a) O 70% dos postos escolares ofreceráselles ás persoas que cumpran algún dos requisitos para o acceso directo que se recollen nos puntos 1 e 2 do artigo 5 desta orde.

b) O 20% dos postos escolares ofreceráselles ás persoas que superasen os módulos obrigatorios dun programa de cualificación profesional inicial, consonte o establecido no artigo 41 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

CVE-DOG: uu12erl5-fo75-t5q1-o8c4-vfd2kmgkru87

c) O 10% restante ofreceráselle a quen teña superada a proba a que se refiren os puntos 3 e 4 do artigo 5 desta orde.

d) Quen cumpra simultaneamente algún dos requisitos anteriores de acceso aos ciclos formativos de grao medio deberá presentar a solicitude pola reserva coa maior porcentaxe de postos escolares en que cumpra o requisito de acceso. De non o facer, será excluído do proceso de admisión.

e) No caso de non se cubrir a reserva nalgunha das opcións, as vacantes adxudicaranse ao resto das reservas.

– Acceso aos ciclos formativos de grao superior:

a) O 80% dos postos escolares ofreceránselles ás persoas que cumpran algún dos requisitos para o acceso directo que se recollen nos puntos 1 e 2 do artigo 6 desta orde.

b) O 20% restante ofreceráselle a quen teña superada a proba a que se refiren os puntos 3 e 4 do artigo 6 desta orde.

c) Quen cumpra simultaneamente os requisitos de acceso directo aos ciclos formativos de grao superior e os de acceso mediante proba non poderá presentar a solicitude de acceso mediante proba. De o facer, excluirase do proceso de admisión.

d) No caso de non se cubrir a reserva nalgunha das opcións, as vacantes adxudicaranse a outra reserva».

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento normativo*

Autorízase a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, e á Secretaría Xeral para que adopten as medidas precisas para a execución desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2012

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

CVE-DOG: uu12erl5-fo75-t5q1-o8c4-vfd2kmgkru87

# ANEXO
## Ciclos formativos autorizados para o curso 2012-2013

Modalidade Presencial

Oferta de ciclos formativos polo réxime ordinario

**A Coruña**

| Concello | Código de centro | Centro | Código de ciclo | Ciclo |
|---|---|---|---|---|
| Arteixo | 15023314 | IES de Sabón | CM02001 | Condución de actividades físico-deportivas no medio natural |
| | | | CMELE01 | Instalacións eléctricas e automáticas |
| | | | CMADG01 | Xestión administrativa |
| | | | CSADG01 | Administración e finanzas |
| Arzúa | 15027733 | IES de Arzúa | CM01001 | Traballos forestais e conservación do medio natural |
| | | | CSADG01 | Administración e finanzas |
| | | | CSAGA01 | Xestión forestal e do medio natural |
| Bergondo | 15001033 | CFEA de Guísamo | CMAGA03 | Xardinaría e floraría |
| | | | CSAGA02 | Paisaxismo e medio rural |
| Betanzos | 15001148 | IES As Mariñas | CMTMV02 | Electromecánica de vehículos automóbiles |
| | | | CMELE01 | Instalacións eléctricas e automáticas |
| | | | CMADG01 | Xestión administrativa |
| | | | CSADG01 | Administración e finanzas |
| | | | CSTMV01 | Automoción |
| | | | CSEOC01 | Proxectos de edificación |
| | | | CSELE01 | Sistemas electrotécnicos e automatizados |
| | 15001136 | IES Francisco Aguiar | CS06002 | Xestión comercial e márketing |
| Boiro | 15026698 | IES Espiñeira | CMELE02 | Instalacións de telecomunicacións |
| | | | CMADG01 | Xestión administrativa |
| | | | CSADG01 | Administración e finanzas |
| Boqueixón | 15013254 | CFEA de Sergude | CMAGA02 | Produción agropecuaria |
| | | | CM01001 | Traballos forestais e conservación do medio natural |
| | | | CS01001 | Xestión e organización de empresas agropecuarias |
| Cambre | 15027873 | IES Afonso X O Sabio | CMADG01 | Xestión administrativa |
| | | | CSADG01 | Administración e finanzas |
| Carballo | 15002581 | IES Alfredo Brañas | CM06001 | Comercio |
| | 15027307 | IES Isidro Parga Pondal | CSIFC01 | Administración de sistemas informáticos en rede |
| | 15002591 | IES Monte Neme | CMELE02 | Instalacións de telecomunicacións |
| | | | CMELE01 | Instalacións eléctricas e automáticas |
| | | | CMFME01 | Mecanizado |
| | | | CMADG01 | Xestión administrativa |
| | | | CSADG01 | Administración e finanzas |
| | | | CSELE04 | Mantemento electrónico |
| Cedeira | 15026376 | IES Punta Candieira | CM06001 | Comercio |
| | | | CMELE01 | Instalacións eléctricas e automáticas |
| | | | CMIMA03 | Mantemento electromecánico |
| | | | CSADG01 | Administración e finanzas |
| | | | CSIMA03 | Mecatrónica industrial |

CVE-DOG: uu12erl5-fo75-t5q1-o8c4-vfd2kmgkru87

| Concello | Código de centro | Centro | Código de ciclo | Ciclo |
|---|---|---|---|---|
| Cee | 15003212 | IES Agra de Raíces | CM19001 | Coidados auxiliares de enfermaría |
| | 15003224 | IES Fernando Blanco | CMTMV02 | Electromecánica de vehículos automóbiles |
| | | | CMELE01 | Instalacións eléctricas e automáticas |
| | | | CMIMA03 | Mantemento electromecánico |
| | | | CMADG01 | Xestión administrativa |
| | | | CSADG01 | Administración e finanzas |
| Coruña, A | 15022607 | CIFP Ánxel Casal - Monte Alto | CMSSC01 | Atención a persoas en situación de dependencia |
| | | | CM19001 | Coidados auxiliares de enfermaría |
| | | | CMSAN02 | Farmacia e parafarmacia |
| | | | CS19001 | Anatomía patolóxica e citoloxía |
| | | | CS20001 | Animación sociocultural |
| | | | CSSAN01 | Audioloxía protésica |
| | | | CS19003 | Dietética |
| | | | CSSSC01 | Educación infantil |
| | | | CS19005 | Hixiene bucodental |
| | | | CS19006 | Imaxe para o diagnóstico |
| | | | CS20003 | Integración social |
| | | | CS20004 | Interpretación da lingua de signos |
| | | | CS19007 | Laboratorio de diagnóstico clínico |
| | | | CSSAN02 | Próteses dentais |
| | | | CS19010 | Radioterapia |
| | | | CS19002 | Saúde ambiental |
| | 15027897 | CIFP Paseo das Pontes | CMHOT01 | Cociña e gastronomía |
| | | | CMTCP01 | Confección e moda |
| | | | CMINA03 | Elaboración de produtos alimentarios |
| | | | CMHOT02 | Servizos en restauración |
| | | | CSHOT04 | Dirección de cociña |
| | | | CSHOT05 | Dirección de servizos de restauración |
| | | | CSTCP01 | Patronaxe e moda |
| | | | CSINA02 | Procesos e calidade na industria alimentaria |
| | 15024513 | CIFP Someso | CMMAM01 | Carpintaría e moble |
| | | | CMTMV01 | Carrozaría |
| | | | CMTMV02 | Electromecánica de vehículos automóbiles |
| | | | CM12002 | Estética persoal decorativa |
| | | | CMFME01 | Mecanizado |
| | | | CMIMP02 | Peiteado e cosmética capilar |
| | | | CMFME02 | Soldadura e caldeiraría |
| | | | CSTMV01 | Automoción |
| | | | CSFME02 | Construcións metálicas |
| | | | CSMAM01 | Deseño e amoblamento |
| | | | CSIMP01 | Estética integral e benestar |
| | | | CSIMP02 | Estilismo e dirección de peiteado |
| | | | CSFME01 | Programación da produción en fabricación mecánica |
| | | | CSEOC01 | Proxectos de edificación |
| | | | CSEOC02 | Proxectos de obra civil |
| | | | CS08003 | Realización e plans de obra |

CVE-DOG: uu12erl5-fo75-t5q1-o8c4-vfd2kmgkru87

| Concello | Código de centro | Centro | Código de ciclo | Ciclo |
|---|---|---|---|---|
| | 15027770 | IES A Sardiñeira | CM18002 | Laboratorio |
| | | | CSQUI01 | Laboratorio de análise e de control de calidade |
| | | | CSQUI02 | Química industrial |
| | 15005233 | IES Agra do Orzán | CS02002 | Animación de actividades físicas e deportivas |
| | 15004204 | IES Calvo Sotelo | CM05002 | Impresión en artes gráficas |
| | | | CMMAM02 | Instalación e amoblamento |
| | | | CMELE01 | Instalacións eléctricas e automáticas |
| | | | CMFME01 | Mecanizado |
| | | | CMARG02 | Preimpresión dixital |
| | | | CMFME02 | Soldadura e caldeirería |
| | 15005397 | IES Fernando Wirtz Suárez | CMIFC01 | Sistemas microinformáticos e redes |
| | | | CMADG01 | Xestión administrativa |
| | | | CSIFC01 | Administración de sistemas informáticos en rede |
| | | | CSADG01 | Administración e finanzas |
| | | | CSIFC02 | Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma |
| | | | CS04002 | Secretariado |
| | 15027800 | IES Imaxe e Son | CSIMS03 | Animacións 3D, xogos e contornos interactivos |
| | | | CSIMS05 | Iluminación, captación e tratamento de imaxe |
| | | | CSIMS01 | Produción de audiovisuais e espectáculos |
| | | | CSIMS02 | Realización de proxectos audiovisuais e espectáculos |
| | | | CSIMS04 | Son para audiovisuais e espectáculos |
| | 15005221 | IES Plurilingüe Eusebio da Guarda | CSHOT02 | Axencias de viaxes e xestión de eventos |
| | | | CSHOT03 | Guía, información e asistencia turísticas |
| | 15005257 | IES Ramón Menéndez Pidal | CM06001 | Comercio |
| | | | CS06001 | Comercio internacional |
| | | | CS06002 | Xestión comercial e márketing |
| | 15005269 | IES Urbano Lugrís | CMELE02 | Instalacións de telecomunicacións |
| | | | CMIMA03 | Mantemento electromecánico |
| | | | CSELE03 | Automatización e robótica industrial |
| | | | CSELE04 | Mantemento electrónico |
| | | | CSELE02 | Sistemas de telecomunicacións e informáticos |
| | | | CSELE01 | Sistemas electrotécnicos e automatizados |
| Culleredo | 15005749 | IES Universidade Laboral | CMELE02 | Instalacións de telecomunicacións |
| | | | CMELE01 | Instalacións eléctricas e automáticas |
| | | | CMIMA01 | Instalacións frigoríficas e de climatización |
| | | | CM03003 | Operación, control e mantemento de máquinas e instalacións do buque |
| | | | CM03004 | Pesca e transporte marítimo |
| | | | CS02002 | Animación de actividades físicas e deportivas |
| | | | CSIMA01 | Desenvolvemento de proxectos de instalacións térmicas e de fluídos |
| | | | CSENA01 | Eficiencia enerxética e enerxía solar térmica |
| | | | CSENA02 | Enerxías renovables |
| | | | CSIMA02 | Mantemento de instalacións térmicas e de fluídos |
| | | | CSELE04 | Mantemento electrónico |

CVE-DOG: uu12erl5-fo75-t5q1-o8c4-vfd2kmgkru87

| Concello | Código de centro | Centro | Código de ciclo | Ciclo |
|---|---|---|---|---|
| | | | CS17004 | Prevención de riscos profesionais |
| | | | CSELE01 | Sistemas electrotécnicos e automatizados |
| | | | CS03003 | Supervisión e control de máquinas e instalacións do buque |
| | | | CSMAP02 | Transporte marítimo e pesca de altura |
| Curtis | 15022620 | IES de Curtis | CMTMV02 | Electromecánica de vehículos automóbiles |
| | | | CMELE01 | Instalacións eléctricas e automáticas |
| | | | CMIFC01 | Sistemas microinformáticos e redes |
| | | | CMADG01 | Xestión administrativa |
| Fene | 15032081 | IES de Fene | CMTMV02 | Electromecánica de vehículos automóbiles |
| | | | CMIMA01 | Instalacións frigoríficas e de climatización |
| | | | CMIMA03 | Mantemento electromecánico |
| | | | CMFME02 | Soldadura e caldeiraría |
| Ferrol | 15006754 | CIFP Ferrolterra | CMMAM01 | Carpintaría e moble |
| | | | CMTMV01 | Carrozaría |
| | | | CMTMV02 | Electromecánica de vehículos automóbiles |
| | | | CMMAM02 | Instalación e amoblamento |
| | | | CMELE02 | Instalacións de telecomunicacións |
| | | | CMELE01 | Instalacións eléctricas e automáticas |
| | | | CMFME01 | Mecanizado |
| | | | CMFME02 | Soldadura e caldeiraría |
| | | | CSELE03 | Automatización e robótica industrial |
| | | | CSTMV01 | Automoción |
| | | | CSFME02 | Construcións metálicas |
| | | | CSFME03 | Deseño en fabricación mecánica |
| | | | CSSSC01 | Educación infantil |
| | | | CSENA01 | Eficiencia enerxética e enerxía solar térmica |
| | | | CSELE04 | Mantemento electrónico |
| | | | CSELE02 | Sistemas de telecomunicacións e informáticos |
| | | | CSELE01 | Sistemas electrotécnicos e automatizados |
| | 15006778 | CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro | CM06001 | Comercio |
| | | | CMIFC01 | Sistemas microinformáticos e redes |
| | | | CMADG01 | Xestión administrativa |
| | | | CSIFC01 | Administración de sistemas informáticos en rede |
| | | | CSADG01 | Administración e finanzas |
| | | | CS02002 | Animación de actividades físicas e deportivas |
| | | | CSIFC02 | Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma |
| | | | CSHOT03 | Guía, información e asistencia turísticas |
| | | | CSEOC01 | Proxectos de edificación |
| | | | CSEOC02 | Proxectos de obra civil |
| | | | CS04002 | Secretariado |
| | | | CS06002 | Xestión comercial e márketing |
| | 15028038 | ESCO Náutico-Pesqueira | CM03003 | Operación, control e mantemento de máquinas e instalacións do buque |
| | | | CS03003 | Supervisión e control de máquinas e instalacións do buque |
| | | | CS03001 | Navegación, pesca e transporte marítimo |

CVE-DOG: uu12erl5-fo75-t5q1-o8c4-vfd2kmgkru87

| Concello | Código de centro | Centro | Código de ciclo | Ciclo |
|---|---|---|---|---|
| | 15006742 | IES Concepción Arenal | CM18002 | Laboratorio |
| | | | CS18002 | Química ambiental |
| | 15021469 | IES Leixa | CMSSC01 | Atención a persoas en situación de dependencia |
| | | | CM19001 | Coidados auxiliares de enfermaría |
| | | | CMSAN02 | Farmacia e parafarmacia |
| | | | CM05002 | Impresión en artes gráficas |
| | | | CMARG02 | Preimpresión dixital |
| | | | CS05001 | Deseño e produción editorial |
| | | | CS19003 | Dietética |
| | | | CS19007 | Laboratorio de diagnóstico clínico |
| | 15025645 | IES Ricardo Carballo Calero | CM12002 | Estética persoal decorativa |
| | | | CMIMP02 | Peiteado e cosmética capilar |
| | | | CSIMP01 | Estética integral e benestar |
| | 15006791 | IES Saturnino Montojo | CM07001 | Laboratorio de imaxe |
| Melide | 15008817 | IES de Melide | CMMAM01 | Carpintaría e moble |
| Muros | 15026388 | IES Plurilingüe Fontexería | CMELE01 | Instalacións eléctricas e automáticas |
| Narón | 15026455 | IES Terra de Trasancos | CMADG01 | Xestión administrativa |
| | | | CSADG01 | Administración e finanzas |
| Negreira | 15026391 | IES Xulián Magariños | CM06001 | Comercio |
| | | | CSIFC01 | Administración de sistemas informáticos en rede |
| Noia | 15026731 | IES Campo de San Alberto | CMELE02 | Instalacións de telecomunicacións |
| | | | CMADG01 | Xestión administrativa |
| | | | CSADG01 | Administración e finanzas |
| | | | CS19007 | Laboratorio de diagnóstico clínico |
| | 15010812 | IES Virxe do Mar | CM07001 | Laboratorio de imaxe |
| Oleiros | 15027228 | IES María Casares | CMELE01 | Instalacións eléctricas e automáticas |
| Ordes | 15027782 | IES Nº 1 | CMTMV02 | Electromecánica de vehículos automóbiles |
| | | | CMADG01 | Xestión administrativa |
| Ortigueira | 15020544 | IES de Ortigueira | CMMAM01 | Carpintaría e moble |
| Padrón | 15023090 | IES Macías o Namorado | CMELE01 | Instalacións eléctricas e automáticas |
| | | | CMADG01 | Xestión administrativa |
| | | | CSADG01 | Administración e finanzas |
| | | | CSELE03 | Automatización e robótica industrial |
| Pobra do Caramiñal, A | 15025530 | IES da Pobra do Caramiñal | CM19001 | Coidados auxiliares de enfermaría |
| | | | CS19003 | Dietética |
| Ponteceso | 15026406 | IES de Ponteceso | CMTMV02 | Electromecánica de vehículos automóbiles |
| | | | CMADG01 | Xestión administrativa |
| Pontedeume | 15025682 | IES Fraga do Eume | CMHOT01 | Cociña e gastronomía |
| | | | CMINA01 | Panadaría, repostaría e confeitaría |
| | | | CMHOT02 | Servizos en restauración |
| | | | CSHOT04 | Dirección de cociña |

CVE-DOG: uu12erl5-fo75-t5q1-o8c4-vfd2kmgkru87

| Concello | Código de centro | Centro | Código de ciclo | Ciclo |
|---|---|---|---|---|
| Pontes de García Rodríguez, As | 15021767 | IES Castro da Uz | CMTMV02 | Electromecánica de vehículos automóbiles |
| | | | CMELE02 | Instalacións de telecomunicacións |
| | | | CMIFC01 | Sistemas microinformáticos e redes |
| | | | CSADG01 | Administración e finanzas |
| | 15025694 | IES Moncho Valcarce | CSQUI01 | Laboratorio de análise e de control de calidade |
| Porto do Son | 15027691 | IES de Porto do Son | CM02001 | Condución de actividades físico-deportivas no medio natural |
| Rianxo | 15026807 | IES Félix Muriel | CMSSC01 | Atención a persoas en situación de dependencia |
| Ribeira | 15014556 | CIFP Coroso | CMTMV01 | Carrozaría |
| | | | CMINA03 | Elaboración de produtos alimentarios |
| | | | CMTMV02 | Electromecánica de vehículos automóbiles |
| | | | CMIMA02 | Instalacións de produción de calor |
| | | | CMELE01 | Instalacións eléctricas e automáticas |
| | | | CMIMA01 | Instalacións frigoríficas e de climatización |
| | | | CSTMV01 | Automoción |
| | | | CSELE01 | Sistemas electrotécnicos e automatizados |
| | 15027812 | ESCO Oficial Náutico-Pesqueira | CM03003 | Operación, control e mantemento de máquinas e instalacións do buque |
| | | | CS03003 | Supervisión e control de máquinas e instalacións do buque |
| | 15027711 | IES Leliadoura | CMADG01 | Xestión administrativa |
| | | | CSIFC01 | Administración de sistemas informáticos en rede |
| | | | CSADG01 | Administración e finanzas |
| | | | CSIFC02 | Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma |
| Santa Comba | 15026030 | IES Terra de Xallas | CMELE01 | Instalacións eléctricas e automáticas |
| | | | CMADG01 | Xestión administrativa |
| | | | CSADG01 | Administración e finanzas |
| Santiago de Compostela | 15016000 | CIFP Compostela | CMSSC01 | Atención a persoas en situación de dependencia |
| | | | CMHOT01 | Cociña e gastronomía |
| | | | CM05002 | Impresión en artes gráficas |
| | | | CMINA01 | Panadaría, repostaría e confeitaría |
| | | | CMARG02 | Preimpresión dixital |
| | | | CMHOT02 | Servizos en restauración |
| | | | CSHOT04 | Dirección de cociña |
| | | | CSHOT05 | Dirección de servizos de restauración |
| | | | CSSSC01 | Educación infantil |
| | | | CSHOT01 | Xestión de aloxamentos turísticos |
| | 15015767 | CIFP Politécnico de Santiago | CMMAM01 | Carpintaría e moble |
| | | | CMTMV01 | Carrozaría |
| | | | CMTMV02 | Electromecánica de vehículos automóbiles |
| | | | CMMAM02 | Instalación e amoblamento |
| | | | CMELE02 | Instalacións de telecomunicacións |
| | | | CMELE01 | Instalacións eléctricas e automáticas |
| | | | CM18002 | Laboratorio |
| | | | CMFME02 | Soldadura e caldeiraría |
| | | | CSELE03 | Automatización e robótica industrial |
| | | | CSTMV01 | Automoción |

CVE-DOG: uu12erl5-fo75-t5q1-o8c4-vfd2kmgkru87

| Concello | Código de centro | Centro | Código de ciclo | Ciclo |
|---|---|---|---|---|
| | | | CSFME02 | Construcións metálicas |
| | | | CSQUI01 | Laboratorio de análise e de control de calidade |
| | | | CSELE04 | Mantemento electrónico |
| | | | CS18002 | Química ambiental |
| | | | CSELE02 | Sistemas de telecomunicacións e informáticos |
| | | | CSELE01 | Sistemas electrotécnicos e automatizados |
| | 15026753 | IES A Pontepedriña | CM06001 | Comercio |
| | | | CS20001 | Animación sociocultural |
| | | | CS06001 | Comercio internacional |
| | | | CS06002 | Xestión comercial e márketing |
| | 15015743 | IES Arcebispo Xelmírez I | CM07001 | Laboratorio de imaxe |
| | 15027058 | IES As Fontiñas | CMADG01 | Xestión administrativa |
| | | | CSADG01 | Administración e finanzas |
| | | | CSEOC01 | Proxectos de edificación |
| | | | CSEOC02 | Proxectos de obra civil |
| | | | CS04002 | Secretariado |
| | 15023466 | IES Lamas de Abade | CM19001 | Coidados auxiliares de enfermaría |
| | | | CM12002 | Estética persoal decorativa |
| | | | CMSAN02 | Farmacia e parafarmacia |
| | | | CMIMP02 | Peiteado e cosmética capilar |
| | | | CS19001 | Anatomía patolóxica e citoloxía |
| | | | CS19004 | Documentación sanitaria |
| | | | CSIMP01 | Estética integral e benestar |
| | | | CSSAN02 | Próteses dentais |
| | | | CS19002 | Saúde ambiental |
| | 15015755 | IES Plurilingüe Rosalía de Castro | CS02002 | Animación de actividades físicas e deportivas |
| | | | CS11005 | Animación turística |
| | | | CSHOT02 | Axencias de viaxes e xestión de eventos |
| | | | CSHOT03 | Guía, información e asistencia turísticas |
| | 15021482 | IES San Clemente | CMIFC01 | Sistemas microinformáticos e redes |
| | | | CSIFC01 | Administración de sistemas informáticos en rede |
| | | | CSIFC02 | Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma |
| Vimianzo | 15026418 | IES Terra de Soneira | CMADG01 | Xestión administrativa |
| | | | CSADG01 | Administración e finanzas |
| Zas | 15027368 | IES Maximino Romero de Lema | CMIFC01 | Sistemas microinformáticos e redes |

CVE-DOG: uu12erl5-fo75-t5q1-o8c4-vfd2kmgkru87

## Lugo

| Concello | Código de centro | Centro | Código de ciclo | Ciclo |
|---|---|---|---|---|
| Becerreá | 27000617 | CFEA Alta Montaña | CM01001 | Traballos forestais e conservación do medio natural |
| | | | CSAGA01 | Xestión forestal e do medio natural |
| Burela | 27013958 | IES Monte Castelo | CM19001 | Coidados auxiliares de enfermaría |
| | | | CS02002 | Animación de actividades físicas e deportivas |
| | | | CS19002 | Saúde ambiental |
